

Volvemos ás rúas!

20-N

Folga xeral estudiantil

Wert en minoría absoluta! Vaite xa!



Fóra a LOMCE, o taxazo e o decreto de bolsas!

O 22, 23 e 24 de outubro fixemos historia. Na terceira xornada de folga xeral estudiantil, a suma dos profesores, os pais e nais paralizou todo o ensino público nunha demostración de forza sen precedentes: máis de dous millóns de persoas enchemos as rúas en máis de setenta manifestacións. A mensaxe lanzada polo Sindicato de Estudiantes de unificar a loita contra a contrarreforma franquista do ensino, pola dimisión do ministro Wert, contra o *taxazo* e o decreto de bolsas, é o camiño. A unidade na loita de toda a comunidade educativa, da clase traballadora e a mocidade puxo contra as cordas ao ministro. A ese ministro que pretende devolvernós ás cavernas educativas do franquismo, demostrando que está completamente só e que a maioría da sociedade está radicalmente en contra dos seus plans para destruír a educación pública.

Máis motivos para seguir loitando

Os obxectivos do PP coa súa contrarreforma franquista da educación —LOMCE— son claros: segregar aos alumnos en función da súa extracción social, expulsar-

nos do sistema educativo canto antes para que mañá sexamos explotados nas empresas e devolver á Igrexa o púlpito privilexiado que tiñan no pasado para adoutrinar nas escolas, enchéndose de paso os petos. Pero este non é o único ataque. O Decreto de Bolsas, que penaliza aos que menos recursos económicos temos e esíxenos máis que ao resto para poder estudar, ou a brutal subida de taxas universitarias, que colocou a cen mil mozos e mozas fóra da Universidade por non ter diñeiro, forman parte deste plan global.

Durante o debate da LOMCE no Senado, Wert tamén intentou impor a oferta obrigatoria de relixión en bacharelato e... en educación infantil! ¡Que escándalo máis grande! Non teñen problema en quitar as bolsas de libros a máis de medio millón de nenos ou suprimir as bolsas de comedor pero lles resulta indispensable que con catro anos podamos escoitar o que a Conferencia Episcopal tennos que transmitir. Se finalmente estas medidas non se materializaron, foi única e exclusivamente grazas ao enorme impacto da folga do 22, 23 e do 24 de outubro.

En calquera caso os ataques continúan. Acaban de eliminar a axuda económica das bolsas Erasmus. E no caso de Galiza, a Xunta do PP acaba de aumentar un 40% o prezo medio dos menús escolares, precisamente nun momento no que moitos dos nosos pais están desempregados. E os ataques continuarán se non lles paramos.

**A loita continúa! O 20 de novembro pretenden aprobar a LOMCE no Senado.
O 20 de novembro: folga xeral estudiantil!**

Por moito que lle pese ao Goberno do PP, a resposta nas rúas foi clara e contundente. O Ministerio de Educación non engana xa a ninguén e quedouse completamente só coas súas contrarreformas reaccionarias e os seus ataques á pública.

Se aínda non aplicaron a LOMCE, se están dicindo publicamente que van atrasar a súa aplicación, é porque a mobilización estudiantil, do profesorado e dos pais púxolles contra as cordas. Por iso a loita ten que continuar, porque a loita serve. Por todos estes motivos

desde o Sindicato de Estudiantes convocamos unha nova folga xeral de estudantes para o próximo 20 de novembro, coincidindo coa data na que o PP —a pesar de estar en minoría absoluta nas rúas e nas aulas— pretende impor de forma autoritaria a aprobación da LOMCE no Senado.

O 20 de novembro propomos baleirar as clases, celebrar pola mañá mobilizacións estudiantís en todo o estado e pola tarde manifestarnos cos nosos profesores, pais e nais, tal e como aprobaron facer asociacións de pais e sindicatos do profesorado. E se non ceden, desde o Sindicato de Estudiantes chamamos ás organizacións do profesorado (CIG, CCOO, UGT, STEs, CGT...) e ás ANPAS a manter a loita contra Wert e organizar unha próxima folga educativa de 72 horas para botar ao ministro e os seus recortes.

**En defensa da Educación Pública!
Todos á folga e ás manifestacións
o 20 de novembro!
Xuntos podemos!**

Plataforma reivindicativa

- ☆ **Retirada inmediata da LOMCE, o decreto de bolsas, o taxaso universitario e na FP e o decreto de comedores da Xunta. Nin reválidas nin selectividade, o fillo do obreiro á universidade. Wert dimisión!**
- ☆ **Non á obrigatoriedade da relixión católica no ensino público.**
- ☆ **Nin un euro do orzamento público ao negocio do ensino privado.**
- ☆ **En defensa dos dereitos democráticos.** Respetar o dereito a estudar e aprender en catalán, galego e euskera, que o franquismo suprimiu.
- ☆ **Pola liberdade de expresión da mocidade. O noso dereito a folga non se toca.**
- ☆ **Os recortes para os banqueiros.** Readmisión inmediata dos máis de 50.000 docentes despedidos este curso. Devolución inmediata dos 6.000 millóns de euros que o PP recortou á escola pública.
- ☆ **Non aos contratos lixo e ás prácticas en empresas sen remunerar.** Por un subsidio de desemprego indefinido para todos os parados ata atopar un posto de traballo.

Todos á rúa o 20 de novembro Ás 12 h.

- ▶ **Ferrol: Edificio da Xunta (Praza de España)**
- ▶ **Coruña: Na Palloza**
- ▶ **Compostela: Na Alameda**
- ▶ **Vigo: En Praza América**
- ▶ **Lugo: Fronte ao IES de Ramón Ferreiro**

▶ **Pola tarde: mobilización cos pais e nais**



www.sindicatodeestudiantes.net • galiza@sindicatodeestudiantes.net • 981 563 100 (ext 12867)

Sindicato Estudiantes da Coruña / Sindicato De Estudiantes Vigo • @SindicaEstudian